



- EL MOULOUDIA ELMBACHCHER-(P5987649)
- JOSEFA ORTIZ FERNÁNDEZ-(PX446641)
- NELLY PATROCINIA SALDIVAR BENITER-(000992420)
- JESÚS ROBERTO GRADÍN HERNÁNDEZ-(AAA9456367)
- LIDIA ADILEN HERNÁNDEZ ENRIQUEZ-(G037741394)
- EDUARDO OLIVEIRA SOUSA-(CV582597)
- AGOURRAM BRAHIM-(W438017)
- MARÍA ESTHER BERNAL PAREDES-(2181166)
- ZINEB JAID-(Y02286197B)
- OMAR ESSAFI-(Y01586325Y)
- JAMILA SIMOU-(Y01586316C)
- KHALID ESSAFI-(Y015864481R)
- ANDREIA LOURENCO DE OLIVEIRA-(Y00748211N)
- KAMAL EL YAMANI-(P821952)
- MARTHA FIDELINA CUBILLA MENDOZA-(Y01800712X)

Contra a presente resolución poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a data da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados do mesmo modo. A interposición do recurso de reposición impedirá a interposición do contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do primeiro. Todo elo sen prexuízo doutros medios de impugnación dos que o interesado pretenda valerse.

Soutomaior, 10 de abril de 2014. — O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo.

2014003493

* * *

T U I E D I C T O


Quedando definitivamente aprobada a modificación do anexo da Ordenanza Fiscal reguladora da “Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Tui”, por aplicación do que dispón o número 3 do artigo 17 do RDL 2/2004, do 05.03, TRLRFL, e para dar cumprimento ó sinalado no apartado 4 de dito artigo, insírense o texto modificado da ordenanza:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TUI.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Tui, establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar a que se refire o artigo 20.4 n) do R.D. Lex. 2/2004, do 5 de marzo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, con normas que atenden ó previsto no artigo 58 do mencionado Real Decreto Legislativo.

ARTIGO 1.— FEITO IMPOÑIBLE:

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar concedido a través dos Servizos Sociais municipais nos termos e condicións establecidos na ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Tui.



ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

07 AGO. 2014

Serán suxeitos pasivos desta taxa a título de contribuíntes as persoas que soliciten e se beneficien da prestación do servizo; tanto as persoas que teñan recoñecida a situación por Resolución da Comunidade Autónoma como as que, non tendo recoñecida a situación de dependencia reciban ou se beneficien do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 3. RESPONSABLES

A responsabilidade sera asumida nos termos do artigo 41 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades as que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. EXENCIONS

En virtude do establecido no artigo 24.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, gozarán de exención da obriga de pago da taxa os seguintes contribuíntes:

1. — As persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ó Indicador de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM).
2. — As persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento, cuxa capacidade económica sexa inferior o 80% do Indicador de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM).

ARTIGO 5. — COTA:

A cota tributaria a pagar polos usuarios do servizo determinarase de conformidade cos seguintes criterios:

- 5.1. Persoas dependentes con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar.
 - 5.1.1. Participación no financiamento do servizo segundo a disposición derradeira primeira, tres do decreto 149/2013 de 5 de setembro:

Neste suposto aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica das persoas usuarias e en función da intensidade do servizo asignado:

CAPACIDADE ECONÓMICA (REFERIDA Ó IPREM)	GRAO I	GRAO II	GRAO III
<i>Ata</i>	<i><= 20 horas</i>	<i><=45 horas</i>	<i><=70 horas</i>
100%	0%	0%	0%
115%	4,52%	9,61%	14,70%
125%	5,41%	11,50%	17,58%
150%	5,55%	11,79%	18,03%
175%	5,65%	12,00%	18,35%
200%	5,72%	12,16€	18,60%
215%	5,81%	12,34%	18,87%
250%	6,03%	12,82%	19,61%
300%	6,24%	13,26%	20,29%
350%	6,42%	13,63%	20,85%
400%	6,54%	13,90%	21,25%
450%	6,63%	14,09%	21,55%
500%	6,70%	14,25%	21,79%
Superior ó 500%	6,76%	14,36%	21,97%

- 5.1.1. Os efectos de cálculo da capacidade económica das persoas dependentes terase en conta o disposto no artigo 15 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Tui.

5.1.2. Nos casos en que, por renuncia da parcial expresa da persoa beneficiaria ó seu dereito de atención co número de horas expresada no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna das táboas anteriores para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

5.1.3. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5.1.4. No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 do decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarán a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) At	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar: podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar: podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar: podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00%	0,00%	12,87%	13,76%	0,00%	22,73%	24,29%	0,00%	35,51%	37,95%
115,00%	5,98%	13,10%	14,00%	10,56%	23,12%	24,71%	16,50%	36,13%	38,61%
125,00%	7,15%	13,39%	14,31%	12,63%	23,64%	25,26%	19,73%	36,94%	39,47%
150,00%	7,34%	13,52%	14,44%	12,95%	23,87%	25,50%	20,24%	37,29%	39,85%
175,00%	7,47%	13,61%	14,54%	13,18%	24,03%	25,67%	20,60%	37,54%	40,12%
200,00%	7,57%	13,76%	14,70%	13,36%	24,29%	25,96%	20,87%	37,96%	40,56%
215,00%	7,68%	13,83%	14,78%	13,56%	24,42%	26,09%	21,18%	38,16%	40,77%
250,00%	7,98%	13,96%	14,91%	14,09%	24,64%	26,33%	22,01%	38,50%	41,14%
300,00%	8,25%	14,06%	15,02%	14,57%	24,82%	26,52%	22,77%	38,78%	41,44%
350,00%	8,48%	14,16%	15,13%	14,98%	25,00%	26,72%	23,40%	39,07%	41,74%
400,00%	8,65%	14,35%	15,33%	15,27%	25,33%	27,06%	23,85%	39,57%	42,29%
>400,00%	8,77%	14,48%	15,48%	15,48%	25,57%	27,32%	24,19%	39,95%	42,69%

5.1. Persoas usuarias de outros servizos que impliquen copagamento

5.1.1. Participación no financiamento do servizo:

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresi-

va participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Tui.

CAPACIDADE ECONÓMICA	PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO DE SAÍDA BÁSICO
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maíor de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	o 10%
Maíor de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	o 20%
Maíor de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	o 50%
Maíor de 2,50 IPREM	o 90%

07 AGO 2014

- 5.1.1. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
- 5.1.2. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.
- 5.1.3. O custo do servizo ascende a 12,94€/hora + IVE correspondente.
- 5.1.4. A cota mensual a pagar, será a resultante de multiplicar o número de horas de prestación do servizo polo resultado de multiplicar o custo/hora pola porcentaxe de copagamento que corresponda segundo a táboa anterior.

ARTIGO 6.—OBRIGADOS O PAGAMENTO:

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Tui.

ARTIGO 7.—NORMAS DE XESTIÓN.

- 1.— A obriga de pagar a taxa nace no momento no que inicie a prestación do servizo.
- 2.— O período impositivo será mensual.
- 3.— O pagamento das taxas realizárase a mes vencido, unha vez prestado o servizo e dentro dos 15 primeiros días do mes seguinte, por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do mesmo, por escrito, no momento da concesión. Non se esixirá o depósito previo do seu importe parcial ou total.

ARTIGO 8.—INFRACCIONS E SANCIONS.

No relativo a infraccións tributarias desta Ordenanza será de aplicación o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación e demais normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA:

A partires da entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Tui aprobada en sesión plenaria de data 29/12/2009, e publicada no BOP nº 53 de 18 de marzo de 2010.

DISPOSICIONS FINAIS:

- 1.— Non no previsto nesta Ordenanza Fiscal será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.
- 2.— Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Tui, a 7 de abril de 2014.—O Alcalde, Moises Rodríguez Pérez.

2014003497